



BASES AULA CONCILIA VERÁN 2024

ARTIGO 1.- CONTIDO:

O Concello de Taboadela organiza a “Aula Concilia Verán 2024” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ao longo do periodo comprendido entre o remate das clases e o comezo do campamento de verán.

ARTIGO 2.- XUSTIFICACIÓN:

Creemos necesario dinamizar o concello con actividades infantis no periodo das vacacións escolares. Nese periodo, moitas familias teñen grandes dificultades para conciliar a vida laboral e familiar, precisando algún tipo de atención para os seus fillos e fillas. Admáis queren que poidan divertirse, aprender a relacionarse cos demais, compartan actividades, gañen en autonomía e sobre todo vivan novas e enriquecedoras experiencias. Por eso consideramos necesario dende o Concello organizar esta Aula Concilia para os nenos e nenas do concello.

ARTIGO 3.- NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS:

O número de prazas que conta a “Aula Concilia Verán 2024” será de **10 prazas máximo**.

As prazas asignaranse por orde de inscrición.

3.1.- INICIO E FINALIZACIÓN

Iniciarase a Aula Concilia o luns día 24 de Xuño e rematará o venres 28 e Xuño. (Ambos días incluídos)





CONCELLO DE TABOADELA

ARTIGO 4.- PERSOAS DESTINATARIAS:

4.1.-**Requisitos.** Poderán solicitar a súa participación no os nenos e nenas entre **4 e 16 anos de idade Soamente para Empadroados no Concello de Taboadela.**

ARTIGO 5.- LUGAR DE CELEBRACIÓN E HORARIO

A Aula Concilia realizarase no espazo da Biblioteca Municipal, de luns a venres dos citados días, con horario de 9:00h a 13:00h.

ARTIGO 6.-SOLICITUDES

A solicitude para os beneficiarios formalizarase no formulario normalizado que figura como “Solicitude Aula Concilia Verán 2024”, e que estará dispoñible nas dependencias da Biblioteca Municipal, nas oficinas do Concello e na web do concello de Taboadela, www.concellodetaboadela.com, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Taboadela, de luns a venres en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, e luns pola tarde de 16:00-20:00 horas. (Praza do Concello).

ARTIGO 7.- PRAZOS

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 28 de maio e rematará 7 de xuño de 2024, ámbolos dous incluídos. Fora de prazo aceptaranse solicitudes de novo ingreso no servizo cando existan circunstancias sociofamiliares especiais, debidamente xustificadas e haxa prazas. Listado provisional de admitidos/as: publicarase o día 12 de xuño de 2024. (Non aparecerá relación de datos persoais , cada solicitude identificarase/ figurará co número de rexistro de entrada de dita solicitude). Listado definitivo de admitidos e admitidas publicarase na páxina web do Concello de Taboadela o día 18 de xuño e no taboleiro de anuncios do Concello. Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda. En función das baixas que se produzan na actividade, os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orde na que figure na listaxe, o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.





CONCELLO DE TABOADELA

ARTIGO 8.- INFORMACIÓN ADICIONAL

As bases para a Aula Concilia da presente convocatoria se atopan no taboleiro de anuncios do Concello de Taboadela e na páxina Web do Concello.

A hora de **entrada máxima será ata ás 10:00h.** e a hora de **saída realizaranse a partir das 12:30h.** para evitar interromper o desenvolvemento das actividades.

No caso de que **o comportamento dun neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar a familia e a dar o/a neno/a de baixa.**

ARTIGO 9.- ORGANIZA

Concello de Taboadela

Concellería de Ocio, Xuventude e Tempo de lecer.

Teléfono de información: 988 439 315

Correo electrónico: concello.taboadela@eidolocal.es

A participación na Aula Concilia suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases. O Concello de Taboadela resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da Aula Concilia Verán 2024.

